



Concello de Vigo  
Secretaría Xeral

**INFORME XURIDICO CON POSPOSTA DE RESOLUCION** **Expte: 8323-106**

Informe xuridico de solicitude de acceso á información pública

**Antecedentes**

En data 08-10-2021 D. [REDACTED] solicita información sobre os custes e repercusión dos altofalantes instalados nas rúas de Vigo durante a vindeira Campaña do Nadal 2021-2022, presentada a través do Portal de Transparencia con data de entrada no Rexistro xeral do Concello de Vigo de 8/10/2021, doc.210204575,

En data 3.08.2021 emitíuse informe do Servizo de Comercio

**LEXISLACION APLICABLE**

- Constitución Española de 1978
- [Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público](#) (LRXSP)
- [Lei 7/1985, do 2 de abril, das Bases do Réxime Local](#) (LBRL)
- [Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas](#) (LPAC)
- [Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno](#) (LTAIBG)
- [Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais](#) (LOPDGDD)
- [Regulamento \(UE\) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE](#) (RGPD)
- [Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de Transparencia e Bo Goberno](#) (LTBG)

**CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS**

PRIMEIRO.- A Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, regula no seu artigo 12 o dereito de acceso á información pública, preceptuando que "*Todas las personas tienen derecho a acceder a la información pública, en los términos previstos en el artículo 105,b) de la Constitución Española, desarrollados por esta Ley.*"

*Asimismo, y en el ámbito de sus respectivas competencias, será de aplicación la*

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 27/10/2023 09:46	Páxina 1 de 4
8323-106		
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

*correspondiente normativa autonómica."*

O acceso a la información constitúe un verdadeiro dereito subxectivo que se configura de maneira ampla en tanto que son titulares do mesmo todas as persoas sen que as mesmas teñan que alegar interese específico nin ser preciso a motivación da súa solicitude

Aos efectos da LTAIBG (artigo 13) enténdese por información pública "los contenidos o documentos, cualquiera que sea su formato o soporte, que obren en poder de alguno de los sujetos incluidos en el ámbito de aplicación de este título y que hayan sido elaborados o adquiridos en el ejercicio de sus funciones." É precisamente a "información pública" así concibida sobre a que se proxecta o exercicio do dereito de acceso nos termos sinalados no artigo 17.1 LTAIBG: "El procedimiento para el ejercicio del derecho de acceso se iniciará con la presentación de la correspondiente solicitud, que deberá dirigirse al titular del órgano administrativo o entidad que posea la información".

A Lei define o obxecto dunha solicitude de acceso á información en relación a información que xa existe, por canto está en posesión do Organismo que recibe a solicitude, ben porque o mesmo elaborouna ou ben porque a obtivo no exercicio das funcións e competencias que ten encomendadas. E iso, para garantir o obxectivo que persegue a norma e que non é outro que "ampliar y reforzar la transparencia de la actividad pública, regular y garantizar el derecho de acceso a la información relativa a aquella actividad" (art. 1 de la LTAIBG)

Neste senso, a Resolución 64/2016, do 20 de xullo, do Consello de Transparencia e Protección de Datos de Andalucía determina << Por otra parte, lo que se desprende en términos inequívocos de la normativa en materia de transparencia es que, al tiempo de formularse la solicitud, los contenidos o documentos requeridos ya "obren en poder" de la entidad a la que se dirija la misma, o, para decirlo en los términos del art. 17.1 LTAIBG, es preciso que, al presentarse la solicitud, aquélla ya "posea la información". Así pues, la información que aún no está al alcance de la entidad destinataria de la petición queda, obviamente, extramuros del derecho de acceso a la información pública. En este sentido y por lo que se refiere a este derecho, puede afirmarse que la legislación de transparencia carece de alcance prospectivo. Ni siquiera cuando se tenga la certidumbre de que la información estará de forma inminente, inmediatamente después de presentarse la solicitud, a disposición de la entidad a la que se pide la misma, podría entenderse ésta obligada a admitir a trámite la solicitud en cuestión.>>

Así mesmo o artigo 22.3 da LTAIBG determina que se a información estivese publicada, a resolución poderá limitarse a indicar ao solicitante cómo pode acceder a ela.

SEGUNDO.- En data 25.10.2021 o Servizo de Comercio emite informe no que sinala

**"Con datas 3 e 17 de setembro de 2021 a Xunta de Goberno Local acordou aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto do servizo**

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 27/10/2023 09:46	Páxina 2 de 4
8323-106		
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

**de megafonía en varias rúas de Vigo no ámbito da programación do Nadal (2021-2022, 2022-2023 e 2023-2024) segundo as condicións aprobadas no Prego de Prescricións Técnicas Particulares e no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares para a contratación por este procedemento.**

**Os referidos pregos, xunto coa memoria económica e xustificativa, están expostos ao público na páxina web da Plataforma de Contratación do Estado, <https://contrataciondelestado.es/wps/portal/>, onde o interesado pode acceder á información solicitada.**

Procede a acceder ao solicitado non apreciando que o acceso supoña unha vulneración dos límites contemplados nos artigos 14 e 15 de la LTAIBG,

A resolución da solicitude corresponde á Concelleira de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal segundo Decreto da Alcaldía de data 23.02.2016, e Resolución de Alcaldía de delegacións xerais do 18.06.2019, e específicas do 26.06.2019 e por acordo da Xunta de Goberno Local de 20.06.2019 e de 04.07.2019, corresponde a resolución destas solicitudes.

PRIMEIRO.- Estimar a solicitude formulada por D. [REDACTED] comunicándose que a información solicitada está recollida nos pregos de cláusulas administrativas, prego de prescricións técnicas e memoria económica e xustificativa publicados na *Plataforma de Contratación do Estado*, <https://contrataciondelestado.es/wps/portal/>, onde o interesado pode acceder á información solicitada.

SEGUNDO.- Notificar á persoa interesada e comunicarlle que contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderán interpoñerse os recursos ou reclamacións que a continuación se indican:

a) Recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do Contencioso Administrativo de Vigo, dentro do prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da recepción desta notificación.

b) Con carácter potestativo, reclamación previa á súa impugnación ante a xurisdición contencioso-administrativa ante o Valedor do Pobo de Galicia, dentro do prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da recepción desta notificación ou desde o día seguinte a aquel en que se produzan os efectos do silencio administrativo. En caso de optar pola reclamación non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que aquela sexa resolta expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio administrativo.

Todo iso sen prexuízo de calquera outro recurso ou acción que estime procedente”.

**DECRETO:** Vista a precedente proposta, RESOLVO DE CONFORMIDADE COA MESMA.

Vigo, data segundo sinatura electrónica á marxe

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 27/10/2023 09:46	Páxina 3 de 4
8323-106		
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

SGF

A Concelleira de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, Dona. Patricia Rodriguez Calviño

Dou fe, A Secretaria de Administración Municipal, Susana Gallardo Fariña

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 27/10/2023 09:46	Páxina 4 de 4
8323-106		
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		